



Expediente: 40/2026

RESOLUCIÓN

ANTECEDENTES:

O vindeiro 15 de febreiro celébrase o “Domingo de Entroido” e como é tradicional na vila de Caldas de Reis, ese día transcurre polas rúas o “Desfile - Concurso” de Entroido. Como en anos anteriores, o Concello organizará o tradicional concurso co obxectivo de potenciar esta festa.

Visto o informe de intervención do 21/01/2026 da existencia de consignación orzamentaria, pola presente, e en uso das facultades que teño atribuídas,

RESOLVO:

- 1º.- Convocar a celebración do Concurso - Desfile de entroido para o domingo 15 de febreiro
- 2º.- Aprobar as bases reguladoras do Concurso - Desfile do entroido 2026 que literalmente dín:

BASES CONCURSO DESFILE DE DISFRACES E CARROZAS

Entroido 2026

Establécense as seguintes bases para o concurso-desfile de disfraces e carrozas, que se celebrará o día 15 de febreiro de 2026.

1º.- Establécense os seguintes premios (con cargo á partida: 3389 48100) e categorías:

CALDAS DE REIS- ENTROIDO 2026

DOMINGO, 15 DE FEBREIRO

CATEGORÍAS	1º PREMIO	2º PREMIO	3º PREMIO
GRUPOS DE ADULTOS (11 o más participantes)	400	300	200
GRUPO DE ADULTOS (de 3 a 10 participantes)	200	150	100
GRUPOS INFANTÍS (11 o más participantes)	400	300	200
GRUPO INFANTÍS (de 3 a 10 participantes)	200	150	100
CENTROS EDUCATIVOS E ANPAS	400	300	200
PARELLAS ADULTOS	175	120	80
PARELLAS INFANTIS	175	120	80
INDIVIDUAL ADULTO			



	120	75	50
INDIVIDUAL INFANTIL	120	75	50
CARROZAS	400	300	200
MELLOR ANIMACIÓN	200	150	100

(Importe total: 6.190 €)

2º.- Os/as participantes neste concurso formarán parte dun desfile que sairá ás 17.00 horas do Paseo Román López e discurrirá polas rúas de Caldas, cun percorrido establecido polo Concello, en base á seguridade e accesibilidade, e que será obrigatorio facelo para optar aos premios.

3º.- Os/as participantes deberán estar en posición de saída antes das 17.00 horas. Aqueles que participen cun vehículo, carroza ou artefacto de grandes dimensións deberán advertilo á organización con anterioridade ao día do desfile.

4º.- O lugar de inscrición será no Departamento de Cultura do Concello de Caldas de Reis, de luns a venres, de 09.00 a 14.00 horas. Os/as participantes tamén poderán informarse a través dos teléfonos do Concello, tendo que facer a inscrición de xeito persoal no lugar antes indicado e tamén poden facela de 15.00 a 16.30 o mesmo día do desfile no Auditorio Municipal.

Os solicitantes non poderán estar incursos en ningunha das prohibicións para a obtención da condición de beneficiario que recolle o artigo 13 da Lei 38/20003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións

5º.- No momento da inscrición entregarase unha cartolina cun número que os/as participantes deberán mostrar no momento do desfile nun lugar visible.

6º.- Na categoría de grupos quedan incluídos os grupos, comparsas, fanfarrias, murgas, etc., sendo valorado polo xurado os grupos que leven música propia e coreografía.

7º.- Considérase a categoría de grupo de ata 10 a un número de persoas cun disfraz conxunto formado por un mínimo de tres persoas e un máximo de 10. Considérase a categoría de grupo de máis de 10 a un número de persoas cun disfraz conxunto formado por un mínimo de 11 integrantes ou máis.

8º.- Considérase categoría infantil a persoas menores de 18 anos. Os menores de idade que participen no desfile deberán ser inscritos por un adulto; dita inscrición levará implícita a autorización por parte dos responsables dos menores.

9º.- En caso de grupos con membros que coincidan en categoría infantil e adulto, serán incluídos na categoría que sume máis membros.

10º.- En caso de parellas ou grupos con membros que coincidan en número en categoría infantil e adulto, serán incluídos na categoría de adultos.

11º.- A categoría de Carrozas será compatible con calquera outra, debendo inscribirse especificamente en cada unha delas. Para que se considere carroza, deberá ser unha plataforma ou remolque arrastrado por un vehículo de tracción mecánica ou ben estar construído enriba do propio vehículo.

12º.- A categoría de "Mellor Animación" será compatible con calquera outra, non sendo necesario a inscrición específica.

13º.- Para participar na Categoría de Centro educativo e ANPAS, deberán formar parte do grupo un mínimo de 25 menores alumnos do mesmo centro.

No caso dos CRA o centros educativos que teñan xustifico que o número de alumnos de dito centro está por baixo dos 25, non estarán suxeitos ao párrafo anterior.



14º.- O xurado non terá en conta aqueles disfraces que sexan complementados coa participación de animais.

15º.- O concurso será fallado por un xurado convidado pola Concellería de Cultura do Concello, e estará formado por persoas representativas de entidades municipais.

16º.- O xurado avaliará especialmente entre outros aspectos a animación, espectaculariedade, orixinalidade, música, etc.

17º.- O xurado non estará identificado como tal durante o desfile, observando as evolucións dos/das participantes durante o desenvolvemento do desfile.

18º.- Os premios daranse a coñecer aproximadamente media hora despois do remate do desfile, no Auditorio Municipal onde se entregarán os mesmos, estando presentes os membros do xurado.

19º.- O día do desfile entregarase un xustificante do premio, que terá que ser remitido totalmente cuberto ao Concello, para proceder ao pago mediante transferencia bancaria. O nome do premiado/a deberán coincidir cos datos dun dos titulares da conta bancaria.

20º.- Para o cobro dos premios na categoría infantil, terá que aportar os datos un adulto como representante.

21º.- A entrega dos xustificantes dos premios no Concello, deberá facerse antes de 30 días naturais, contados a partir do día do desfile. De non cumprir este prazo, entenderase a renuncia a dito premio.

22º.- O fallo do xurado será inapelable, e este poderá resolver calquera cuestión non recollida nas presentes bases.

23º.- O Concello resérvase o dereito de captación e difusión de imaxes do desfile para fins de publicidade e promoción.

24º.- A participación no concurso implica a aceptación plena das presentes bases. En todo momento as persoas participantes deberán cumprir coas indicacións da organización.

25º.- As presentes bases estarán publicadas no B.O.P., no taboleiro de anuncios do Concello, páxina web do Concello e farase referencia ás mesmas na cartelería e nos medios de comunicación habituais. O prazo de inscrición comeza o día seguinte da publicación no BOP do extracto da convocatoria. Ao mesmo tempo estarán a disposición de todos os participantes no momento da inscrición no desfile.

O Concelleiro Delegado de Cultura



Anexos

ENTROIDO 2026

FICHA DE INSCRIPCIÓN	
NOME DO DISFRAZ	CATEGORÍA
NOME E APELIDOS	
D.N.I.:	Teléfono
NO CASO DE MENORES	
NOME DO RESPONSABLE	D.N.I.:
<p>A entrega de presente ficha de inscrición cuberta, implica a aceptación das bases do desfile de entroido e a participación no mesmo conforme a elas.</p> <p>O Departamento de Cultura do Ilmo. Concello de Caldas de Reis, comprométese a respetar a confidencialidade da información facilitada de carácter persoal e a garantir o exercicio dos dereitos de acceso, retificación e cancelación de dita información</p> <p>O solicitante DECLARA RESPONSABLEMENTE, non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención da condición de beneficiario que recolle o artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.</p>	<p>SINATURA</p> <p>Caldas de Reis, de2026</p>



ENTROIDO 2026

SR. TESOUREIRO DO ILMO. CONCELLO DE CALDAS DE REIS:

Ingrese no número de conta seguinte, a cantidade de **XXX euros** correspondente ao **XX premio** na categoría de **XXXXX** a:

NOME E APELIDOS / ASOCIACIÓN		N.I.F./ C.I.F.
ENDEREZO	POBOACIÓN	
TELÉFONO	e-mail	
Nº de Código IBAN		
O Ilmo. Concello de Caldas de Reis, comprométese a respetar a confidencialidade da información facilitada de carácter persoal e a garantir o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación e cancelación de dita información.		

Caldas de Reis, 15 de febreiro de 2026

Manuel Fariña Souto
Concelleiro de Cultura.

IMPORTANTE: O/A PREMIADO/A DEBERÁ ACHEGAR ESTE XUSTIFICANTE DEBIDAMENTE CUBERTO AO CONCELLO EN PERSOA (DE LUNS A VENRES DE 9 A 14 H.), OU POR CORREO ELECTRÓNICO (omix@caldasdereis.gal), antes dos 30 días naturais contados a partir do día do desfile.



DILIXENCIA DE PAGO (A CUBRIR POLO CONCELLO NO MOMENTO DE PRESENTACIÓN AO COBRO DO PREMIO):

Don Luis M. Calvo Barrasa, Informador Xuvenil do Concello de Caldas de Reis, comunico ao Servizo da Tesourería Municipal o outorgamento dun premio da Desfile de Entroido 2026 de conformidade co seguinte:

PREMIO:

CATEGORÍA:

IMPORTE:

BENEFICIARIO:

Solicitando se proceda ao pagamento do premio, segundo os datos facilitados polo beneficiario,

SINATURA,

DECLARACIÓN RESPONSABLE DO BENEFICIARIO:

O beneficiario do premio, cujos datos figuran ao dorso, DECLARA RESPONSABLEMENTE, non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención da condición de beneficiario que recolle o artigo 13 da Lei 38/20003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

E tamén estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica, e coa Seguridade Social, e co Concello de Caldas de Reis.

En Caldas de Reis, a de2026

Asdo.:.....

Mándao e asíno o Sr. Concelleiro de Cultura (por delegación outorgada mediante Decreto de data 30/12/2024), certificando a secretaria este Decreto cuxo número e data figuran á marxe aos efectos de fe pública."

